



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 253/2016.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño, modificada pola número 846/2015, do 23 de decembro,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **5 de maio de 2016 (xoves) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior do 21 de abril de 2016.

2.- Solicitud de licenza municipal de obras de limpeza de cuberta e reposición de tellas rotas en inmovible sito na rúa Rosalía de Castro nº 20, formulada por dona Ramona Vázquez Iglesias. Expediente 4/2016/LU.

3.- Solicitud de licenza municipal de obras de pintado de fachada norte de vivenda sita no lugar de Pedreda nº 101, Iria Flavia, formulada por dona Rosa Cristobo Fabeiro. Expediente 6/2016/LU.

4.- Solicitud de licenza municipal de obras para substitución de climatización en oficina bancaria sita na avenida de Compostela nº 14, baixo, formulada por don Ángel Carlos Lage Pérez en representación da marcantil Banco Santander S.A. Expediente 12/2016/LU.

5.- Solicitud de licenza municipal de obras para rehabilitación de galería en inmovible sito na rúa Tetuán nº 6, formulada por dona Pilar Ramos Stolle. Expediente 120/2015/LU.

6.- Desestimento de solicitude de licenza municipal de obras para ampliación de rede de distribución de gas natural para subministro na rúa do Carme nº 38, formulada por Gas Galicia SDG, S.A. Expediente 192/201/LU.

7.- Desestimento de solicitude de licenza municipal de obras para modificación de cuberta e acondicionamento interior en vivenda sita no lugar de Pazos-Quintáns nº 110, formulada por dona Rosa Vázquez Sóñora. Expediente 142/2013.

8.- Autorización para a ocupación de terreos de dominio público coa instalación dunha terraza no número 21 da rúa Longa, solicitada por don Uxío Rial Rodríguez. Expediente 17/2016-ODP-TR.

9.- Autorización para a ocupación de terreos de dominio público coa instalación dunha terraza no Paseo do Espolón, fronte do seu establecemento sito no número 19 da rúa de Castelao, solicitada por dona Alberta Veneranda Pérez Blanco. Expediente 21/2016-ODP-TR.

10.- Solicitud de autorización de uso de nicho 42-A3 no Cemiterio municipal do Santiaguíño do Monte formulada por don José Ignacio Oliveira Barreiro.

11.- Solicitud de renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica a favor de don Manuel Antonio Vigo González.

12.- Axuda programa emerxencia social. Expediente SIUSS 1545.

13.- Axuda programa emerxencia social. Expediente SIUSS 1429.

14.- Axuda programa emerxencia social. Expediente SIUSS 125.

15.- Aprobación de Facturas e Gastos.

16.- Ordenación de pagos nº 8/2016.

17.- Gastos de locomoción da coordinadora de voluntariado dona Mª Pilar Lorenzo Campos

18.- Gastos de locomoción persoal voluntariado servizos sociais

19.- Indemnización por gastos de locomoción do persoal de axuda no fogar nos meses de xaneiro e febreiro de 2016.

20.- Xustificación do pago a xustificar concedido á coordinadora de voluntariado, dona Mª Pilar Lorenzo Campos, para a adquisición das entradas de cine para cineforum do Club de lectura en valores.

21.- Xustificación do pago a xustificar concedido á traballadora social dona Mª Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a auxiliar administrativa dona Silvia Carou Balado.

22.- Pago a xustificar solicitado pola traballadora social dona Mª Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a traballadora social dona Purificación Regueira Vázquez para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar.

23.- Pago a xustificar solicitado pola traballadora social dona Mª Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a auxiliar administrativa dona Silvia Carou Balado, para adquisición de 3 talonarios de bonos para utilización de transporte público.

24.- Devolución de garantía definitiva do contrato de subministro dun camión para o servizo de obras.

25.- Devolución de fianza constituída por José Luís Baliño Mosquera en garantía das obrigas derivadas da demolición parcial interior e desentullo do inmovible sito en rúa longa, 39.

26.- Devolución de fianza constituída pola empresa Lajos Romero Construcciones S.L., en garantía das obrigas derivadas da instalación de estada na rúa Vidal Cepeda, 16.

27.- Aprobación do padrón fiscal da taxa polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores e acometidas, saneamento, depuración de augas residuais e canon da auga creado na lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e coeficiente de vertedura e saneamento correspondente ao primeiro trimestre do 2016 (xaneiro a marzo).

28.- Aprobación dos premios da XXXVII Carreira Popular de Pascua.

29.- Subvención nominativa de concesión directa á asociación Solidariedade Galega co pobo saharai para a implementación do proxecto "Vacacións en Paz 2016" no Concello de Padrón.

30.- Recuperación do 49,73 % restante da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012.

31.- Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es


Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.


Terceiro. Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 3 de maio de 2016



O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante min

A Secretaria,

Asdo. Ana María Ares Álvarez